Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 21 de febreiro de 2025

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **21 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
(Secretaria en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
Noelia Pérez López
(en substitución de María Encarnación Amigo Díaz)
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
Brais Ruanova Vilas-Boas
Montserrat Valcárcel Armesto
(en substitución de José Daniel Pérez López)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
José Luis Ferro Iglesias (P)

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria en funcións que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en segundo lugar a PNC doc. núm. 18867 (3), en terceiro lugar a PNC doc. núm. 19502 (4) e en cuarto lugar a PNC doc. núm. 17161 (2).

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 1681 (12/PNC-000199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre a proposta que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no referido á regulación das comunidades enerxéticas de base cidadá
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

O **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, concédelle a palabra en primeiro lugar á **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar devandita proposta.

A continuación a Presidencia, logo de pedirlle desculpas ao **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** por non terlle concedido a palabra en primeiro lugar, pois presumiu que no ía facer uso da mesma, concédella agora, pasando este a anunciar o voto favorable a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa e explicar as razóns polas que a van apoiar, propón unha emenda "in voce", consistente en engadir "que se lle recoñeza *sempre e cando así o soliciten*".

O **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado por todos os grupos parlamentarios, logo de matizar algunha das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario e anunciar a aceptación da emenda "in voce".

PARLAMENTO DE GALICIA

1.3 18867 (12/PNC-001727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as accións que o Goberno galego deberá impulsar en relación coa participación pública temperá durante o proceso de deseño do Plan sectorial eólico de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f1, do 06.02.2025

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 20589), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** *-o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma-* para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención do voceiro do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

1.4 19502 (12/PNC-001796)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García González, Patricia e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co Plan Moves e outras medidas relacionadas co impulso das infraestruturas para a mobilidade eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 20590) e outra de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 20588), das que obvia a súa lectura dado que se remitiron aos membros da comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

A continuación concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, que explica as razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposta, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a emenda presentada polo seu grupo, argumentando as razóns polas que non poden aceptar o punto primeiro da iniciativa.

Nesta mesma rolda o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG**), logo de anunciar o apoio do seu grupo a esta proposta, amosa os motivos polos que presentou esta emenda de adición, destacando que complementa o proposto na iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** expón diversas consideracións en contra da aceptación da emenda presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia e argumenta as razóns polas que acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galicia.

1.2 17161 (12/PNC-001597)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun maior impulso da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para fortalecer o sector forestal e a industria da madeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 145f2, do 27.01.2025

A **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Méndez López, Lara (S)** -*o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*-, quen, logo de agradecer esta alteración da orde do día, amosa o apoio do seu grupo a esta proposta e explica as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda o **señor Rodríguez Conde, Ángel (P),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada destacando que gran parte do que se propón na iniciativa xa se está a levar a cabo pola Xunta de Galicia.

A **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións

PARLAMENTO DE GALICIA

para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 1681 (12/PNC-000199), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda "in voce" proposta polo G.P. Popular de Galicia, que resulta **aprobada pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta a trasladar ao Goberno estatal unha proposta de regulación das comunidades enerxéticas de base cidadá, especialmente as radicadas no ámbito rural, que dea a resposta ás demandas expresadas na exposición de motivos, e que recoñeza, cando así o soliciten, as comunidades de montes veciñais en man común como comunidades enerxéticas de pleno dereito segundo o disposto nos artigos 12 bis e seguintes da Lei 24/2013.»

2 17161 (12/PNC-001597), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

3 18867 (12/PNC-001727), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

4 19502 (12/PNC-001796), do G.P. Popular de Galicia.

A **señora Iglesias Rey (S),** solicita a palabra para pedir a votación por separado do punto 1º da iniciativa, ao que o voceiro do G.P. Popular de Galicia non pon obxección.

Xa que logo, sometido a votación o punto 1, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 15
Votos en contra: 2
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Sometidos a votación os puntos 2, 3 e 4 (punto 4 emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 20590), resultan **aprobados pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle:

1. A elaboración dun novo programa Moves de xestión unificada, que incorpore o desconto directo en factura. O novo programa Moves seguirá fomentando a longo prazo unha mobilidade de 0 emisións pero, tendo en conta o momento crítico en que se atopa o sector e nun proceso de transición progresivo, apoiará outras tecnoloxías, incluídos os motores de combustión, en función do nivel de emisións de gases.

2. A simplificación dos trámites administrativos para impulsar o despregamento das infraestruturas de recarga.

3. A creación dun Plan Moves Recarga para facilitar o desenvolvemento das infraestruturas de recarga nas zonas que non contan coa cobertura necesaria.

4. A inclusión de vehículos ciclomotores dentro dos subvencionables.»

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.04.21 12:29:46 +02'00'

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2025.04.21 11:16:15 +02'00'

Noa Olalla Presas Bergantiños
Secretaria en funcións da Comisión